

Normativas**NORMATIVA PARA O NOMEAMENTO DE PROFESORES EMÉRITOS**

A figura de profesor emérito regúlase con carácter xeral no RD 898/85 de 30 de abril, sobre réxime do profesorado universitario, no RD 1086/89 de 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario (modificado parcialmente polo R.D. 74/00 de 22 de xaneiro), nos artigos 142 e 143 dos Estatutos da Universidade de Vigo e no artigo 3 do Regulamento de Profesorado.

O amparo de citada normativa, a Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, na sesión do 3 de marzo de 2000 acorda:

1. Poderán acceder á condición de profesor emérito os funcionarios docentes, xubilados, que prestasen servizos destacados á Universidade a tempo completo durante un mínimo de dez anos. Terán consideración especial os servizos prestados á Universidade de Vigo.
2. O profesorado emérito terá a posibilidade de colaborar na dirección de tarefas de investigación, na docencia de terceiro ciclo e, en xeral, en estudos de especialización científica e profesional, en actividades de extensión universitaria e outras equiparables. En ningún caso poderáselle asignar docencia en primeiro ou segundo ciclo.
3. A proposta de nomeamento de profesor emérito corresponde ó Consello dun Departamento. A solicitude dirixirase ó Rector e irá acompañada da seguinte documentación:
 - Certificación de servizos prestados na Universidade.
 - Memoria que recolla os datos máis salientables do curriculum vitae: publicacións, teses dirixidas, actividade docente, etc.
 - Indicación das actividades que realizará a persoa proposta, caso de ser nomeada.
 - Compromiso de dedicación a tempo completo á Universidade.
4. As solicitudes de nomeamento de profesor emérito, presentaranse no Rectorado antes do 31 de marzo do curso académico anterior ó que se pretende a incorporación como emérito. As propostas someteranse á aprobación da Xunta de Goberno con informe da comisión de docencia, para a súa remisión, se procede, ó Consello de Universidades que emitirá o informe preceptivo. Recibido este informe, a Xunta de Goberno acordará, se procede, o nomeamento de profesor emérito. O nomeamento será realizado polo Rector.
5. O número de profesores eméritos non poderá exceder do tres por cento do cadro de persoal docente da Universidade. Cada ano poderá nomearse a un número de profesores eméritos que non exceda da quinta parte do límite anterior. Tenderase a que no conxunto de profesores eméritos estén representados os diferentes ámbitos de coñecemento.
6. O profesores eméritos estarán vinculados á Universidade por medio dunha relación contractual revisable, polo menos, cada dous anos e susceptible de abranguer un período máximo global de 10 anos.
7. A condición de profesor emérito esixirá a dedicación a tempo completo á Universidade e será incompatible coa realización de calquera actividade remunerada no sector público ou privado. Os profesores eméritos non poderán desempeñar ningún cargo académico universitario nin formar parte dos órganos de goberno colexiados, agás do Consello de Departamento.
8. A remuneración dun profesor emérito será a diferenza entre o que perciba anualmente polo total das súas pensións de xubilación e a retribución anual correspondente ó corpo ó que pertencía ó producirse a xubilación, cos trienios e complementos docente e de produtividade que teña recoñecidos no momento da xubilación (co máximo previsto na lexislación vixente para profesores eméritos).

Disposición final.- Coa aprobación desta normativa, queda derogada a normativa para o nomeamento de profesores eméritos aprobada en Xunta de Goberno de 9 de novembro de 1990.

Dilixencia para facer constar que a "Normativa para o Nomeamento de Profesores Eméritos" foi aprobada pola Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión do día 3 de marzo de 2000.

A SECRETARIA XERAL,

Margarita Estévez Toranzo



Información Xeral | Estudos | Centros | Departamentos | Órganos de Goberno
Áreas e Oficinas | Servicios | Biblioteca | Investigación | Empresa e Innovación
Extensión Universitaria | PAS | PDI | Alumnado

[webmaster] © ATIC 2001 - 2004